

NOTA DE PRENSA

Expertos en violencia filio-parental imparten un obradoiro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Vigo

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017 - A violencia exercida por fillos/as cara aos seus pais e nais continúa en aumento e é a tipoloxía delitativa con maior crecemento entre os/as menores de idade na última década, segundo a última memoria da Fiscalía Xeral do Estado. Para mellorar a abordaxe profesional desta cuestión, a Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza en Vigo mañá sábado 18 de febreiro o obradoiro "Programas de Intervención en Violencia Filio-Parental", impartido por dous dos máis importantes expertos a nivel estatal: Juan Luis Basanta Dopico e María González Álvarez.

A Violencia Filio-Parental (VFP) é o exercicio da violencia física, verbal ou financeira de menores cara aos seus pais e nais, realizada de maneira sostida no tempo e co ánimo de exercer un control e poder sobre eles. Esta problemática está sendo obxecto de moita investigación actualmente nos países da nosa contorna debido á preocupación polo aumento na súa prevalencia.

Na citada memoria da Fiscalía sinálase que se trata dun "problema social dunha magnitude que desborda o ámbito da xurisdición, pois é o resultado dun modelo educativo fracasado, carente de pautas de autoridade e de valores definidos". Para abordar esta problemática necesítase do estudo das características, tanto dos/as menores agresores/as como das familias nas que se desenvolve o maltrato, así como coñecer as características propias desta forma de violencia e os actuais modelos explicativos da mesma.

O desenvolvemento de Programas de Intervención estruturados, que atendan tanto os/as menores como as súas familias nun contexto xurídico, é unha necesidade dos/as profesionais que traballan con este tipo de problemáticas, para poder dar respostas ás familias, aos/as menores e ás propias institucións receptoras dos casos.

O obradoiro que se desenvolverá no Centro Social de Teis, en Vigo, estará impartido por María González Álvarez, psicóloga clínica e responsable do programa de Menores Agresores da Universidade Complutense de Madrid; así como por Juan Luis Basanta Dopico, psicólogo do Equipo Técnico do Xulgado de Menores de Ourense.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal